

## **PROCEDIMENTO PARA A MATRÍCULA DA PROBA DE MAIORES DE 45**

### **Lugares de matrícula**

En calquera dos LERD recollidos no Anexo I da Convocatoria de matrícula (ao presentar os impresos de matrícula e de pago de taxas previamente descargados da web e debidamente cubertos). Deberase facer enviando a documentación por correo electrónico.

Tamén poderán matricularse mediante calquera dos procedementos especificados na Lei 39 /2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE 236, do 02 de outubro de 2015), coa obriga de incluír a fotocopia do resgardo do pagamento dos prezos públicos mediante un envío postal dirixido aos lugares de matrícula que figuran no Anexo I.

Se a persoa solicitante ten dereito de redución ou a redución ou exención do pagamento dos citados prezos, remitirá unha fotocopia do documento acreditativo.

### **Documentación que se achegará no momento da matrícula**

- a) Fotocopia do DNI ou do pasaporte (persoas estranxeiras) por ambas as caras.
- b) Resgardo acreditativo de ter aboadas as taxas. O ingreso das taxas de matrícula realizarase nunha entidade bancaria, mediante o impreso previamente descargado da web. O impreso de pago de taxas descargase da páxina web da CIUG.
- c) Solicitud de matrícula en que consten os datos da persoa interesada. O impreso de solicitud descargase da páxina web da CiUG.
- d) Currículo

\*No Anexo I da convocatoria de matrícula están recollidos os distintos LERDS (Lugares de entrega e recollida de documentación) coas súas respectivas direccións de correo electrónico.